



Edición xestionada
por [Xabier
Paradelo](#)

SUMARIO DE XERFA

Lorenzo Varela, un transterrado marcado polo fascismo

FORO

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

HISTORIAS DA LIÑA
AZUL

Un [recanto literario
para participar](#). Non
perdas o convoi.

SUMARIO DE XERFA

Aquí podes
consultar todos os
artigos publicados
até o momento no
[Sumario](#)

ITINERARIO LITERARIO

Un [itinerario
literario](#) por
Barcelona a partir
de textos galegos
ligados á cidade.

A MAN

A [información
precisa](#) precisa
para ter á vista:
Entidades Galegas
en Cataluña.

ESTUDAR GALEGO

[Estudar galego en
Barcelona](#)

[26/12/2004 21:03] Comeza o ano [Lorenzo Varela](#). A elección deste escritor, cunha obra tan breve en galego, ten que ver coas circunstancias históricas que marcaron (ou frustraron) a súa vida e a súa entregada actividade intelectual: os fascismos, a guerra e o exilio. Lorenzo Varela naceu como emigrante a bordo dun barco que ía camiño d'A Habana e, logo de combater na guerra, pasou desde Figueres a un campo de concentración en Francia. Desde alí embarcou cara a América. Varela pasou case toda a súa vida na Arxentina, destacando como un intelectual infatigable canda os seus amigos Luís Seoane e Rafael Dieste, ata que alí chegou a dictadura. Por **Helena González**.

Lorenzo Varela, "o Arxentino" (A Habana, 1917 - Madrid, 25/11/1978), viña sendo de Monterroso, pero toda a súa vida está marcada pola súa condición de transterrado. Regresa a Lugo para estudar e en 1932 asiste a un acto do Partido Galeguista no que falan Castelao, Paz Andrade e Suárez Picallo; uns meses despois participaba na fundación das Mocidades Galeguistas de Lugo. Ao rematar o bacharelato foise a Madrid. Alí achégase a outros mozos galegos e mais a outros intelectuais e artistas de Madrid que tiñan tertulia no café La Granja del Henar como os pintores Eugenio Granell, Carlos Maside, Manuel Colmeiro, o escritor Rafael Dieste, ou o político Ramón Suárez Picallo. Axiña camiña cara a opcións máis esquerdistas, e achégase primeiro ao Partido Obreiro de Unificación Marxista (POUM), e, durante a guerra, ao Partido Comunista. En 1935 enrólase nas Misións Pedagógicas e ao ano seguinte participa na fundación da Alianza de Intelectuales Antifascistas para la Defensa da Cultura, que tivo como presidente de honra a Antonio Machado.

Na guerra foi comisario político e comandou unha brigada que estaba a o mando de Enrique Lister; pódese ler unha crónica en quente deste batallón en *Nova Galiza* núm. 6 (01/07/1937), pág. 4. Como outros intelectuais, participou nas revistas dirixidas aos combatentes e na súa alfabetización. A súa relación co Levante vén precisamente deste período difícil. En 1937, aínda nos comezos da guerra, participa en Valencia no Segundo Congreso Internacional de Intelectuais Antifascistas. Ese mesmo ano publícase un texto seu, 'Copla sencilla', en *Homenaje al poeta García Lorca contra su muerte*, e mais participa na antoloxía *Poetas en la España leal*; as dúas publicacións saíron do prelo, en Valencia, en Ediciones Españolas. Ademais foi colaborador, entre outras, de *El Mono Azul* e a revista mensual [Hora de España](#), que tamén desde Valencia, e logo desde Barcelona, dirixía o seu amigo Rafael Dieste. Alí publicou varios textos, en castelán. No inverno de 1939, coa caída de Cataluña, Lorenzo Varela, como Dieste, atravesou os Pirineos desde Figueres e vai dar ao campo de concentración de Saint Cyprien o 10 de febreiro de 1939, de onde saen el mais outros intelectuais republicanos grazas á intercesión dos artistas franceses. O 23 de maio de 1939 embarca en Sète, ao pé do famoso cemiterio mariño que escribiu Paul Valéry (e que con tanto sentimento traduciu Delgado Gurrarín, outro exiliado), a bordo do barco Sinaia, a primeira expedición de republicanos españois que ía cara a América, co apoio do goberno de México. Así o conta Sánchez Barbudo:

Fuimos Gil-Albert y yo a embarcarnos a un puertecillo que estaba no lejos de las playas en las que aún sufrían y esperaban miles de refugiados (...). Por el camino se unieron a nosotros Gaya y Lorenzo Varela, que habían estado en Toulouse e iban también a embarcar

Nese barco ían tamén o fotógrafo coruñés Francisco Souza Fernández, José Caridad Mateo, que fundou en México a revista *Saudade*, e Ramón Iglesias Parga, historiador e profesor na UNAM e en universidades dos Estados Unidos. Tamén viaxaba o filósofo Adolfo Sánchez Vázquez, que relatou así aquela travesía para *A Nosa Terra*:

Despois das calamidades que sufrimos, lembro unha grande ilusión.

Durante a expedición desenvolvíase unha intensa vida cultural e mesmo se publicou un xornal. Coincidín na viaxe co poeta galego Lorenzo Varela. Camiñabamos cara un país que nos brindaba a posibilidade de refacer a nosa vida.

Lorenzo Varela marcha de contado para Bos Aires e o resto da súa historia está marcada polo activismo, a posta en marcha de importantes revistas culturais, programas de radio, traducións do portugués ao español e, sobre todo, unha amizade fraternal cos exiliados galegos. Co golpe do dictador Videla en 1976, un exilio leva a outro, e desanda os camiños desde a Arxentina cara a Madrid, onde sobrevive dous anos máis no medio do esquecemento e coa axuda inestimable dos amigos de Sargadelos.

Lorenzo Varela fainos recuperar a memoria dorida da guerra e dos exilios. Queda para outro momento falar da súa poesía e das traducións, que algunhas hai, para o catalán.

Lorenzo Varela

Poesía completa I

Edición de Xosé Luis Axeitos

Sada | Edicións do Castro, Biblioteca del Exilio | 2000

Nova Galiza. Edición facsimilar

Edición de Xosé Lois García

Sada | Edicións do Castro, serie Documentos | 1990

27/12/2004 © Helena González

OUTRAS NOTICIAS

- ❖ [VII Concurso de Música e Baile Tradicional Galego en Catalunya](#)
- ❖ [Reiníciase as entregas do Itinerario 'Barcelona na literatura galega'](#)
- ❖ [Álvaro Cuqueiro: 'Rondeau en louvor d-unha dona catalana'](#)
- ❖ [O tradutor ao catalán de Teresa Moure: 'O texto non é sagrado: non hai nada que traizoar'](#)
- ❖ [Conferencia da escritora Teresa Moure: "Herba moura"](#)
- ❖ [A reportaxe "Mexillóns, dornas e unha gaita" do Canal 33 xa se pode ver na rede](#)
- ❖ [Benaventurados os fillos de Don Quixote](#)
- ❖ ['Viaxes' de David Pintor en Sargadelos Barcelona](#)
- ❖ [Unha boa escolma da pintura figurativa](#)
- ❖ [Obrigadísimo, Quico&Narf](#)